

Primaria

Lingua 3

Programación

Unidade 2

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Unha alfombra de follas

Descrición da unidade

Para abrir esta unidade elixíronse dous poemas sobre o outono: un de Ana M.^a Fernández e outro de Antonio García Teijeiro. E o outono será, precisamente, o campo semántico que percorra o conxunto da unidade. Ademais, os alumnos e alumnas repasarán as palabras sinónimas, que xa coñecen de cursos anteriores. Tamén, traballarán conceptos gramaticais e ortográficos como as sílabas ou o uso do guión e a coma. Volve a haber poesía no Repaso e no apartado de Cultura, pero antes ofrécense exemplos de dúas tipoloxías textuais diferentes: o texto instrutivo (na Expresión) e o descritivo (en Literatura). As lecturas, xunto coas ilustracións, os xogos, os audios, as actividades... contribuirán á asimilación dos contidos e ao desenvolvemento das competencias básicas.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido ao outono.
- Palabras sinónimas.
- Clasificación das palabras segundo o seu número de sílabas.
- Identificación da sílaba tónica das palabras.
- Uso do guión e da coma.
- Redacción de textos instrutivos.
- Características dos textos que describen lugares.
- Aspectos culturais comúns a varios lugares do mundo.

Temporalización:

Outubro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar correctamente o léxico referido ao outono.
- Recoñecer sinónimos de palabras dadas.
- Dividir palabras en sílabas e partir a final de liña.
- Identificar a sílaba tónica das palabras.
- Utilizar correctamente o signo da coma en series de palabras.
- Saber describir un lugar.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Audición dos poemas iniciais e do texto do apartado «Escoito e falo» cunha actitude favorable. • Lectura e comprensión de textos poéticos. • Adquisición de novo vocabulario referido ao outono e reforzo das palabras sinónimas. • Clasificación das palabras segundo o número de sílabas e identificación da sílaba tónica. • Utilización do guión e a coma. • Creación dun texto instrutivo. • Adquisición da técnica da descrición de paisaxes. • Coñecemento dalgúns aspectos culturais comúns a varios lugares do mundo: o Día dos Animais. 	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler textos poéticos con fluidez e comprensión.	2.1. Le textos poéticos con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global de textos poéticos e responde cuestións de comprensión.
	3. Aumentar o vocabulario referido ao outono e utilizar as palabras sinónimas.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ao outono e palabras novas. 3.2. Aplica sinónimos en contextos dados.
	4. Dividir palabras en sílabas e identificar a sílaba tónica.	4.1. Divide palabras en sílabas e clasifícaaas segundo o seu número de sílabas. 4.2. Identifica a sílaba tónica das palabras.
	5. Introducir as normas ortográficas do uso do guión e da coma.	5.1. Realiza unha correcta partición das palabras mediante o guión. 5.2. Recoñece e utiliza con corrección as normas de uso da coma.
	6. Elaborar breves textos instrutivos.	6.1. Redacta con corrección breves textos que explican un proceso paso a paso.
	7. Redactar descricións de paisaxes.	7.1. Recoñece e aplica as técnicas de descrición de paisaxes.
	8. Aprender algúns aspectos culturais comúns a varios lugares do mundo.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos da cultura global.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA.
2.1. Le textos poéticos con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Suxestións metodolóxicas da PD.
2.2. Comprende o sentido global de textos poéticos e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 1 de ampliación dos RF. • Ficha de comprensión lectora dos RF.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ao outono e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 1 de reforzo e actividade 1 de ampliación (puntos 1 e 2) dos RF. • Proposta para desenvolver as intelixencias múltiples na PD. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
3.2. Aplica sinónimos en contextos dados.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades 2 e 3 de reforzo e actividade 1 de ampliación (último punto) dos RF. • Actividades propostas na PD.
4.1. Divide palabras en sílabas e clasifícaaas segundo o seu número de sílabas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 4 de reforzo dos RF. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD. • Actividades propostas na PD.
4.2. Identifica a sílaba tónica das palabras.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 5 de reforzo dos RF. • Actividades propostas na PD.
5.1. Realiza unha correcta partición das palabras mediante o guión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 6 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF. • CD-Audio do LA (ditado).

5.2. Recoñece e utiliza con corrección as normas de uso da coma.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Actividade 7 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF.• CD-Audio do LA (ditado).
6.1. Redacta con corrección breves textos que explican un proceso paso a paso.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.
7.1. Recoñece e aplica as técnicas de descrición de paisaxes.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Actividade 4 de ampliación dos RF.
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos da cultura global.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Suxestións metodolóxicas da PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Elabora creacións propias aplicando técnicas literarias.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
	Aplicar os coñecementos matemáticos en situacións reais.	Ordena información seguindo unha orde secuencial.
	Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.	Coida o contorno ambiental e os seres vivos.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica, así como mensaxes cifradas.
<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar o dicionario como fonte de información.	Manexa o dicionario como apoio para a aprendizaxe e para resolver as actividades.

	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado e a escoita de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Mostra iniciativa e implícase tanto en situacións de aula como no coidado do contorno.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa.	Participa con interese no coidado do patrimonio natural.
	Coñecer e aplicar normas básicas de convivencia.	Respecta os sinais presentes en determinados espazos públicos.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora, respecta e coida os animais e os espazos naturais.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Asumir responsabilidades e dar conta delas.	Valora a paisaxe e mostra unha actitude de compromiso en relación coa conservación do medio.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Goza coa poesía e coa riqueza do contorno natural.
	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Interésase por coñecer algunhas actividades culturais de carácter global.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos os poemas no CD-Audio ou lémoslles en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD.

Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido ao outono no LA e co apoio do dicionario.
- Lembramos o concepto de sinonimia.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos no LA a clasificar as palabras segundo o seu número de sílabas e a identificar a sílaba tónica.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos o uso do guión e da coma no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a redactar un texto instrutivo.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA a técnica de descrición de lugares.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD e coa ficha de ampliación dos RF.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos no LA aspectos culturais comúns a varios lugares do mundo.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Afianzar as habilidades de lecto-escritura e comprensión lectora.
- Fixar hábitos de traballo: coidar o material, observar e reflexionar antes de contestar, subliñar sempre con regra, deixar marxes no caderno, etc.
- Iniciar o alumnado no manexo do dicionario.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- A caixa dos contos.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
 - Xoán Neira: *Un niño no xardín*, Edicións Xerais, col. Sopa de libros.
 - Antonio García Teijeiro: *Ventos*, Edicións Xerais, col. Merlín.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Información de interese:

Froito da colaboración entre a Real Academia Galega e a Fundación Barrié, o *Portal das palabras* constitúe un espazo aberto a todas as persoas interesadas na lingua e un eficaz instrumento para o ensino. Ofrece distintas modalidades de aprendizaxe, e o xogo é unha delas. Trátase de «ensinar deleitando»:
<http://www.portaldaspalabras.org>

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?